



## Concello de Bande

---

De conformidade co establecido na base oitava das bases xerais que regulan os procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Bande, publícase o resultado da valoración de méritos da fase de concurso efectuada polo Tribunal Cualificador correspondente á praza:

- “Orientador Laboral” Código 01.02.00.02

Os aspirantes disporán dun prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación para formular alegacións.

Bande, na data sinalada á marxe

**Documento asinado dixitalmente á marxe**



**PROBAS SELECTIVAS PARA PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE ORIENTADOR LABORAL, ( CÓDIGO 01.02.00.02.), INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXCEPCIONAL PARA A REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE DO EMPREGO PÚBLICO, CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2022.**

**ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL E VALORACIÓN DE MÉRITOS**

No Salón de Plenos do Concello de Bande, ás 10:35 horas do día 25 de novembro de 2025, procédese á constitución do tribunal que xulgará o proceso selectivo para a provisión dunha praza Orientador Laboral, incluída na oferta de emprego público para a redución da temporalidade do emprego público do Concello de Bande correspondente ao ano 2022, segundo as bases aprobadas por Decreto da Alcaldía do 30 de marzo de 2023 e publicadas no BOP do 19/04/2023.

Estando presentes os membros do tribunal que se relacionan, e unha vez advertida a existencia de quórum, queda constituído na seguinte forma:

**Presidente:** D. Manuel Valentín Pérez Nieto.

**Vogais:** D. Esteban Fernández Álvarez, Dna. Susana Viso Touza e Dna. María Isabel Rodríguez Carrera.

**Secretario:** D. José Luis Feijoo Feijoo.

O Presidente do tribunal explica como se vai a desenvolver o procedemento selectivo de acordo co establecido nas bases aprobadas por Decreto da Alcaldía do 30 de marzo de 2023 e publicadas no BOP do 19/04/2023.

A presente praza de Orientador Laboral convocada deriva da disposición adicional sexta da Lei 20/2021, polo que o sistema de provisión será o concurso de méritos.

Os méritos a valorar son os seguintes:

**I. Méritos profesionais: Máximo 60 puntos.**

Valoraranse de acordo co establecido na base oitava das bases xerais conforme se indica:

1. Servizos prestados no mesmo corpo, escala, subescala, categoría profesional ou equivalente no concello convocante da praza: 0,65 puntos por mes completo.



2. Servizos prestados noutros corpos, escalas, subescalas, categorías profesionais ou equivalente no concello convocante da praza: 0,45 puntos por mes completo.
3. Servizos prestados no mesmo corpo, escala, subescala, categorías profesionais ou equivalente noutras Administracións locais, distintas da entidade local convocante: 0,30 puntos por mes completo.
4. Servizos prestados prestados noutros corpos, escalas, subescalas, categorías profesionais ou equivalente noutras Administracións locais, distintas da entidade local convocante: 0,15 puntos por mes completo.
5. Servizos prestados no mesmo corpo, escala, subescala, categorías profesionais ou equivalente noutras Administracións públicas: 0,20 puntos por mes completo.
6. Servizos prestados noutros corpos, escalas, subescalas, categorías profesionais ou equivalente noutras Administracións públicas: 0,15 puntos por mes completo

Para acreditar estes méritos deberá achegarse a seguinte documentación xustificativa:

- Certificación da Administración correspondente onde deberá figurar, polo menos, a Administración Pública, o vínculo ou réxime xurídico, a denominación do corpo, escala, categoría profesional ou equivalente, data de inicio e, de ser o caso, finalización da vinculación. No caso de non existir data de finalización da vinculación, valoraranse os servizos efectivos prestados, ata a data de publicación no BOE da convocatoria.
- Dita certificación poderá completarse coa certificación de vida laboral actualizada acreditativa dos ditos servizos expedida polo órgano competente da Seguridade Social.

As puntuacións referiranse a cada mes completo de servizos prestados, entendendo que un mes equivale a 30 días naturais. As fraccións de tempo inferiores ao mes non se computan. No caso de que a xornada de traballo non sexa do 100%, a puntuación por este concepto reducirase en proporción ás horas traballadas.

## II. Formación profesional: (Máximo 40 puntos).



**II A-** Por acreditar titulacións académicas oficiais, que non se correspondan coa titulación mínima esixida para acceder ao proceso de selección e que se relacionen co campo de acción da praza a estabilizar, a puntuación que corresponde neste apartado será:

- Por cada titulación académica superior ao nivel requirido para o acceso ao proceso selectivo de estabilización: 5,00 puntos.

A puntuación máxima neste apartado será de 10 puntos.

**II B-** Por formación que sexa considerada polo Tribunal de cada convocatoria específica directamente relacionada co posto ou praza ao que se opta (cursos de formación e perfeccionamento, xornadas, congresos, simposios, seminarios, organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, comunidade autónoma, Administración Local, universidades, colexios oficiais, Sindicatos, a través do acordo nacional de formación continua ou escolas da Administración Pública ou os impartidos no ámbito da formación para o emprego).

Valoraranse en todas as prazas a formación de carácter transversal (cursos de linguaxe administrativa do idioma galego, os relacionados coa prevención de riscos laborais, a igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente dende o ámbito laboral e os de contido ofimático, entre outros).

A puntuación máxima neste apartado será de 40 puntos.

A puntuación da formación computarase en función do grupo profesional do posto/praza a convocar, nos seguintes termos:

GRUPO Puntuación por hora

II - A2: 0,35

A acreditación da formación realizarase mediante títulos, diplomas, certificados ou calquera outro documento con validez legal, que acredite a denominación da acción formativa, número de horas (no suposto de constar os créditos computarase a súa equivalencia en horas), e nome da entidade que a organiza. Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non se especifique a duración do curso en número de horas ou número de créditos.



De seguido o tribunal acorda realizar a valoración de méritos do concurso segundo o previsto nas bases reguladoras aprobadas por Decreto da Alcaldía do 30 de marzo de 2023 e publicadas no BOP do 19/04/2023, co seguinte resultado e ordenados por puntuación total acadada:

<b>NOME</b>	<b>APELIDOS</b>	<b>Experiencia Profesional (máximo 60 puntos)</b>	<b>Formación profesional (máximo 40 puntos)</b>	<b>TOTAL</b>
Oscar José	Lebrún Brougat	60	40	100 puntos
María Elvira	Álvarez Salgado	42,60	40	82,60 puntos
Iratxe	García Blanco	27,45	40	67,45 puntos
Tania	Doval Rodríguez	12,15	40	52,15 puntos

En consecuencia, o tribunal formula proposta de nomeamento na categoría de Orientador Laboral a favor de:

<b>NOME</b>	<b>APELIDOS</b>	<b>DNI</b>
Oscar José	Lebrún Brougat	***0843**

Establécese un prazo de 10 días hábiles para reclamacións ou emendas ao resultado da valoración.

Sen máis asuntos que tratar, dáse por finalizado o acto, sendo as 11:00 horas.

O PRESIDENTE DO TRIBUNAL

O SECRETARIO.

